

LABORATORIO ESCÉNICO

BLUES DE MEDIANOITE

versión extendida



BLUES DE MEDIANOITE

versión estendida

Cando cae a noite e entra a melodía, acéndense as luces para min.


Blues de Medianoite – Versión Estendida, entra, a ritmo de blues, no misterio e a sensualidade da noite, achegándonos ás raíces negras no movemento e na música, nunha viaxe no tren clandestino que conduce á liberdade. Pon en valor ás grandes damas do blues e a riqueza rítmica que ven directamente de África, sempre dende un filtro persoal. Isto é, o NOSO Blues.

É un espectáculo multidisciplinar (danza, música e teatro) que transita entre o formato escénico e formato concerto. É un espectáculo feminista, que parte do histórico para chegar á intimidade de cada persoa, recreando a poética do imaxinario propio deste xénero musical, grazas á luz, que nos traslada ó clube, ó tren, ó cruce de camiños...

PROPOSTA DE ACTIVIDADES EXPANDIDAS

Obradoiro de danza O MEU BLUES, de 1h e 30 min de duración, para público maior de 14 anos, impartido por Alba Fernández. (Previo ó espectáculo).

Para comprender e sentir mellor o espectáculo faremos un percorrido polas pautas da investigación de Alba Fernández para a creación de Blues de Medianoite. Experimentaremos nos diferentes corpos coa música, as imaxes a recrear e lembraremos as mulleres do Blues que inspiraron o espectáculo, nun obradoiro práctico e bailado, para o desfrute das/os asistentes.



Alba Fernández:

Bailarina, mestra e coreógrafa de Danza Contemporánea e Urbana. Presidenta e socia fundadora de Laboratorio Escénico S. Coop. Galega.

Formada no Conservatorio de Danza da Deputación de A Coruña, posteriormente especialízase en Danza Contemporánea, completando a súa formación en teatro, clown, música e danzas urbanas. Continúa en constante formación da man de profesionais de proxección nacional e internacional.

Formada en Danza Urbana en centros e convencións nacionais e internacionais, en Galicia, León, Madrid, Barcelona e Londres. Titulada como Mestra de Danzas Urbanas pola Urban Dance Factory de Barcelona (Hip hop School, Irene Pallarés), e titulada no método Hip Hop School, con matrícula de honra.

Co-coreógrafa e bailarina, con Estefanía Gómez, da Compañía de Danza Contemporánea e Urbana Exire, con 15 anos de traxectoria.

Premio Sólodos en Danza Ourense 2017 co solo de Danza Contemporánea ON, galardonada co premio do público e xira en Costa Rica (a xira realizouse en Febreiro-Marzo de 2018).

Premio á Mellor Peza no Festival Diálogos Contemporáneos en Cáceres (decembro 2019), pola peza NEXOS.

Premio á Mellor Interpretación coa peza ON no Festival Diálogos Contemporáneos en Cáceres (Decembro 2020). Co-coreógrafa e bailarina do espectáculo MÉDULA, coproducción entre Artestudio Xestión Cultural e o Centro Coreográfico Galego.

Directora e co-coreógrafa de CANELA, de Laboratorio Escénico Danza (peza de Danzas Urbanas para 8 bailarinas/íns), seleccionada en Galicia Escena Pro 2021.

Colabora con diferentes compañías como Las Tricotouses, Elefante Elegante, Entremans, etc.

Traballou como mestra e coreógrafa en diferentes centros de danza, como a Escola Municipal de Danza de Oleiros, entre outros. Actualmente, desenvolve a maior parte da súa labor docente e artística en Laboratorio Escénico Coop e no Centro de Intervención Artística Universitaria NORMAL.

EQUIPA:

En escena:

Alba Fernández (danza e teatro)

Marian Ledesma (voz e teclado)

Julio Cuns (guitarra)

Juan Tinaquero (contrabaixo e baixo eléctrico)

Bruno Couceiro (batería)

Alfonso Castro (luz e guitarra)

Creación, dirección e interpretación:

Alba Fernández

Arreglos musicais: Iván Doval

Asesoramento artístico: Alfredo Pérez e Carmen Coteló

Deseño de Iluminación: Alfonso Castro

Creación musical do tema "O Tren": Jas Processor

Vestuario e escenografía: Laboratorio Escénico

Apoio na Xestión: Galicia Danza Contemporánea

Deseño Gráfico: Laura Sánchez e Tono Galán (manchea)

Fotografía e Video: Raquel Castro

Produción e distribución: Alba Fernández e Laboratorio Escénico S. Coop. Galega

Apoio á financiación: Axudas á Creación Artística para artistas individuais do Concello de A Coruña.

Duración: 60 min.

Laboratorio Escénico S. Coop. Galega

Rúa Santa Luisa de Marillac, 12, baixo

CP 15002 A Coruña

675 461 907 / 622 798 617

administracion@laboratorioescenicocoop.com

www.laboratorioescenicocoop.com



LABORATORIO
ESCÉNICO
COOP